



A MORTE DUN TIRANO... FAGAMOS MEMORIA



Comezamos o novo ano con imaxes coma esta, e como xa temos perdido o norte con tanta violencia xa non sabemos se nos conmove ou simplemente nos impacta. Se a persoa non tivese rostro coñecido, diríamos que estamos ante un home que se enfrenta a súa inminente execución coa maior dignidade posible. O último momento da súa vida, un momento íntimo que, sen el sabelo, está compartindo co resto do mundo.

Por outra banda, vemos unha soga no seu pescozo ¡pero que rudimentarios son estes musulmáns! aínda non se decataron de que temos outros métodos máis sofisticados e limpos para acabar coa vida dos outros. Nos países que nos autocalificamos coma "civilizados", o "civilizado" occidente, contamos con toda unha industria de morte que superou métodos burdos coma o garrote vil ou a forza ata chegar ás inxeccións letais. Ata nos parece que o condenado, nunha habitación tan aséptica, está recibindo un tratamento médico que o redime dos seus males, en vez de levalo ao outro mundo.

Todo isto poden velo uns cantos, a traveso duns cristais que imitan aos dos quirófanos, de xeito moi limpo, sen sentir o alento do que vai morrer, sen que lles salpique nada. Suponse que algúns espectadores deste macabro espectáculo sentiranse resarcidos coa morte do reo.

Unha morte sempre é un espectáculo macabro, máis aínda cando é unha morte violenta, e aínda moitísimo máis cando a morte é premeditada e non é produto dun accidente. A execución dos colaboradores e medio irmáns de Saddam Husein ven a redundar no mesmo. O peor de todo é que despois de tanta violencia en Iraq e no resto do mundo, sexamos capaces familiarizarnos con ela ata tal punto que fagamos comentarios graciosos do tipo: "a un deses jichos ata lle quedou a cabeza polo chan, ¡que pasada, tío!" escoitado entre risas nas aulas do noso instituto; ou mandemos SMS en fin de ano que mellor non reproducimos aquí. Ata tal punto perdemos o norte.

Sen querer entrar en máis detalles, algúns/as necesitamos berrar que non temos dereito a decretar a morte de ninguén, por moi ti-

rano ou asasino que fose. Non se pode combater o terror co terror nin o asasinato co asasinato, en que consiste o progreso?. Todos, asasinos e tiranos, teñen dereito a xuízos xustos, aínda que eles non llos concedesen ás súas vítimas. A inxustiza só pode castigarse coa

xustiza. Isto é o que teñen que aprender asasinos e tiranos, para que a historia non repita eternamente os seus erros. Pero alguén dixo algunha vez "a única lección que aprendemos da Historia é que non aprendemos da Historia".

Non se trata de desculpar a ninguén. Ninguén dubida que Hasam e os seus colaboradores foron culpables de moitos crimes polos que tiñan que responder, pero mediante un xuízo xusto e imparcial. Algúns tampouco dubidamos que outros políticos, presidentes ou ex-presidentes de países "civilizados", son responsables igualmente de moitas mortes e que seguramente nunca se sentarán no banquiño a responder por elas.

Ademais, hai tiranos e tiranos. Hai tiranos "pola graza de Deus", que morren nesa graza de deus e hai outros tiranos que non o pensaron ben ou fixeron algo mal e morren como cans. Onde está a clave para ser tirano e morrer na camiña cun enterro digno de xefe de estado?. Non está moi claro, pero eu daríalle os seguintes consellos a calquera tirano novato.

A MORTE DUN TIRANO... FAGAMOS MEMORIA

DECÁLOGO PARA SER UN AUTÉNTICO TIRANO E MORRER DE MORTE NATURAL.

1. Fágase amigo ou estea a ben co presidente dos EEUU, e cometa todas as barbaridades posibles sempre co seu consenso. Incluso recibirá a súa axuda por medio da CIA, OTAN ou similar.
2. Extermine aos seus opositores, pero procure sempre que haxa unha boa porcentaxe de comunistas, anarquistas, antiglobalización... etc.
3. Extermine tamén aos seus fillos, e se ten reparo por aquilo da tenra idade, dellos a outros para que os críen como é debido.
4. Non lle recomendamos que extermine a fascistas, porque se vostede se libra de morrer coma un can, xa o pagará algún dos seus sucesores.
5. Extermine a extremistas relixiosos, que son un perigo. É máis, extermine, se lle parece a toda unha relixión, pero non a católicos ou cristiáns en xeral, que representan a única fe verdadeira.
6. Non lle recomendamos o ateísmo. Practique unha relixión "boa", non ande con fanáticos, home, que mire que pinta teñen.
7. Hai certas razas que son un perigo, non dubide en exterminar a kurdos, armenios, xitanos, palestinos, etnias e tribos africanas varias... Estes pringados seguramente non contarán con medios nun futuro para reivindicar ningún tipo de reparación.
8. Anque os faga, mellor non faga públicos os seus exterminios. Recorde que a Historia a escriben os que gañan, e o mellor que se pode facer cos pringados é borralos dela.
9. Coleccione cromos e non armas. Non meta a pata dicindo que ten máis bombas ou pistolas que o seu superior, o xefe americano, porque entón invadirán o seu país buscándoas ata acabar con todo o que se move. Isto é un aviso para os iranianos.
10. Non se faga ilusións pensando que non ten un superior, xa se encargará el de recordarllelo. Por certo, o seu superior non é un tirano do seu caletre, senón un defensor da liberdade.

Hai moitos exemplos de tiranos que non cumpriron estas normas tan sinxeliñas e así acabaron, suicidados, carbonizados, linchados polas masas...

O malpocado Sadam empezou ben, pero confiouse e empezou a fraquear nos tres últimos puntos. ¡E pensar que contou coa bendición dos EEUU

na guerra contra Irán!. Este é un exemplo máis do efémeros que somos os humanos e como muda a fortuna.

Outros fixérono moi ben ata o final, véxase o noso tirano nacional, 40 anos no poder e morre con todos os honores coma caudillo, sen entrar sequera na categoría de tirano. A verdade é que foi o per-



fecto tirano e gardou ben todos os puntos, se cadra fraqueou algo no 7, porque o país non daba para máis. Con habilidade fixo adictos ao réxime aos "morenos" e aos mouros das colonias, creando gardas persoais e traéndoo a península para matar roxos.

Outros non tiveron tanta "sorte", aínda que non se pode dicir que viviran ou morreran mal. Só que os pillaron malos tempos e novas modas como democracia e dereitos humanos. Por exemplo, a Pinochet fóselle algo a man cos puntos 2 e 3, ou se cadra quedou corto porque se de verdade exterminase a todos os comunistas e esquerdosos chilenos, non se vería en apuros xa ben entrado en anos. Aínda que, claro, sempre hai que deixar a alguén para poder mandar sobre eles, senón non ten chiste ser tirano. Morreu co título de tirano, pero recibiu honores militares, ademais dun esgarro dun resentido. Como dixo Benedetti: "la muerte le ganó a la justicia". Pero, porque será que a xustiza sempre chega tarde ou non chega?

COLECTIVO ANTIAMNESIA
(2006, ANO DA MEMORIA)